

**SOLICITUDE DE AER PARA A COMPARECENCIA DO CONCELEIRO DE MEDIO AMBIENTE  
SOBRE O SEGUIMENTO DAS OBRAS DO MULTIUSOS**

PLENO 18 DECEMBRO 2014. ACTA 18/2014

Durante as pasadas semanas puidemos ver que nas que nas obras de rehabilitación do Multiusos da Xunqueira non se cumpriron durante moitos días as medidas precisas para a seguridade dos/as traballadores/as e da veciñanza: ausencia de cascos, arneses, liñas de vida, redes verticais, estadas, varandas de seguridade, vallas e cintas de protección.

Polo anteriormente exposto, solicitamos a comparecencia do concelleiro de Medio Ambiente (e presidente do comité de Seguridade e Hixiene municipal) para que explique o seguimento que se fixo dende o Concello nesas obras do Multiusos.

*O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que no Concello hai un comité de seguridade e hixiene no que participa pero que non ten relación coas condicións de seguridade das obras contratadas.*

*O concelleiro BLANCO PÉREZ di que o responsable último disto é o Concello. Presenta una serie de fotos para acreditar que non se tomaron as axeitadas medidas de seguridade na obra. Queren saber se van a facer algo antes de que suceda algunha desgracia.*

*O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que xa ao principio advertíuselles que tiñan que adoptar medidas de seguridade e que el non é responsable disto. Se lles dixo que podían consultar o estudio de seguridade e saúde incluído no expediente e falar co director de obra que é o arquitecto municipal.*